



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE ARPA II
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: ARPA II											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Arpa		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
DEPARTAMENTO	Arpa							XEFE/A DE DPTO.	Bleuenn Le Fricc		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Bleuenn Le Fricc		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5h	
ECTS/CUAD		9							Observacións:	Debido ao carácter progresivo da materia e tendo en conta as necesidades individualizadas dos alumnos e alumnas (físicas, técnicas e musicais) e a súa experiencia, o repertorio, exercicios e estudos a traballar cos contidos e competencias descritas, serán individualizados	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	Bleuenn Le Fricc							bleuennlefricc@hotmail.fr		Venres de 8h00 a 9h00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conducerán á interpretación do repertorio máis representativo, con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Toas as disciplinas do itinerario de arpa.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 171/2016	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir os recursos arpísticos que posibiliten a correcta execución do repertorio sen nunca desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T1, T3, T6, T13, X1, X3, X6, X8, X11, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Adquirir as ferramentas necesarias que permitan ao alumno formarse e progresar en calquera dos ámbitos da especialidade.	T1, T3, T6, T13, X1, X6, X8, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rentabilidade.	T1, T3, T6, T13, T15, X3, X8, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6
Adquirir bos hábitos posturais para previr lesións relacionadas coa práctica instrumental.	T3, T6, T13, X6, X8, EI4, EI10
Interpretar obras de diferentes estilos en público con fidelidade ao texto e coherencia estilística.	T1, T3, T6, T13, T17, X1, X3, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
Fomentar a participación activa en eventos musicais dentro e fora do centro (concursos, recitais, participación en conxuntos musicais...).	T1, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X21, X24, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI10



4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.Elaboración e estudo dun programa arpístico formado por cando menos 3 obras e/ou estudos (tanto orixinais como transcricións) de diferentes estilos.	<p>1.1 Lectura, análise e proceso inicial de traballo.</p> <p>1.2 Interpretación de varias obras do repertorio do instrumento (así como transcricións do repertorio de tecla) de distintos épocas e estilos.</p> <p>1.3 Memorización de parte do repertorio.</p> <p>1.4 Desenvolvemento do hábito da autocrítica e dunha escoita activa.</p>	12
2.Análise e traballo específico e promenorizado de todos os elementos técnicos e musicais.	<p>2.1 Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades técnicas atopadas nunha obra ou estudo.</p> <p>2.2 Desenvolvemento da comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis de xerarquía: motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc. para chegar a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.</p> <p>2.3 Desenvolvemento da capacidade de autodixitación e dun uso axeitado dos pedais.</p> <p>2.4 Potenciación da autonomía do alumno a través da elaboración dun método de estudo axeitado, eficaz e consciente.</p>	12
3.Elaboración dunha rutina diaria de quentamentos e estiramentos, así como de bos hábitos corporais e posturais para prevenir lesións físicas.	<p>3.1 Desenvolvemento dunha boa postura coa arpa, axeitada ao estado físico de cada alumno, correxindo no seu caso malos hábitos previos.</p> <p>3.2 Aprendizaxe dunha variada serie de exercicios previos e posteriores ao estudo para previr eventuais lesións.</p>	12
4. Interpretación en público: preparación e actuación.	<p>4.1 Aprendizaxe de técnicas de relaxación e concentración previas a unha actuación en público.</p> <p>4.2 Preparación e realización de simulacións de audicións de forma autónoma.</p> <p>4.3 Interpretación en público das obras e/ou estudos traballados na clase.</p>	2
5. Repaso e reforzo do traballo feito ao longo do cuadrimestre	5.1 Sesións adicadas a reforzar a adquisición dos contidos traballados en clase.	2
	TOTAL SESIÓNS:	16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clase teórico-práctica individual: traballo pormenorizado sobre as obras con explicacións e suxerencias do profesor.	19h30		19h30
Práctica individual: estudo persoal do alumno seguindo as directrices recibidas nas clases individuais.		246	246
Audicións cuatrimestrais: participación do alumnado na audición organizada polo departamento interpretando o repertorio estudado na clase.	1h30		1h30
Repaso e reforzo do traballo realizado ao longo do cuatrimestre	3h		3
		TOTAL HORAS	270



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
1.Asistencia.	Valorárase a asistencia e participación.	Todas	10%
2.Estudo persoal	Consecución dos obxectivos propostos a través da preparación dun repertorio mínimo de tres obras ou estudos.	Todas	45%
3.Audición interna.	Avaliárase o progreso axeitado no estudo do repertorio acordado nunha audición interna programada para mediados do trimestre.	Todas	10%
4.Audición pública dun repertorio elixido en conxunto entre o profesor e o alumno.	Avaliárase a interpretación do repertorio acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais.	Todas	35%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Audición pública consistente na interpretación dun recital de aproximadamente 30 minutos con ao menos tres obras, completas ou non, de estilos contrastantes. Unha das obras, polo menos, deberá ser interpretada de memoria.	Avaliárase a interpretación do repertorio acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais.	Todas	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
Audición pública consistente na interpretación dun recital de aproximadamente 30 minutos con ao menos tres obras, completas ou non, de estilos contrastantes. Unha das obras, polo menos, deberá ser interpretada de memoria.	Avaliárase a interpretación do repertorio acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais.	Todas	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Audición pública consistente na interpretación dun recital de aproximadamente 30 minutos con ao menos tres obras, completas ou non, de estilos contrastantes. Unha das obras, polo menos, deberá ser interpretada de memoria.	Avaliárase a interpretación do repertorio acordado atendendo a parámetros técnicos e musicais.	Todas	100%



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Material de referencia	<p>BELTRANDO, S. /LE DU CORINNE. <i>10 ans avec la harpe</i>. Cité de la Musique Editions. Paris, 1996. GLATTAUER, A. <i>Dictionnaire du répertoire de la harpe</i>. C.n.r.s. Eds. Paris, 2003.</p>
Repertorio orientativo	<p>DIZZI Estudos POSSE Estudos POZZOLI Estudos SALZEDO Estudos SCHMITT Estudos</p> <p>BACH Suites francesas, Calquer preludio y fuga do Clave ben temperado CPE BACH Sonata en Sol M. HANDEL Tema e Variacións - Concerto en Si bemol SCARLATTI Calquera sonata</p> <p>DUSSEK Calquera sonata MOZART Concerto para flauta y arpa en Do Mayor ROSETTI Sonata SPOHR Fantaisie op.36</p> <p>BRITTEN Suite for harp CAPLET Divertissements DEBUSSY Preludios, Arabesques, Danzas FAURÉ Impromptu, Une châtelaine en sa tour GURIDI Viejo Zortzico HINDEMITH Sonata PARISH ALVARIS Sérénade PIERNÉ Impromptu- Caprice RAVEL Introduction et Allegro ROTA Sarabande et Toccata RENIÉ Calquera peza virtuosa ROUSSEL Impromptu TOURNIER Féerie - Images</p> <p>BERIO Sequenza II HOLLIGER Sequenzen über Johannes, Präludium, Arioso e Passacaglia MARCLAND Stretto SALZEDO Chanson dans la nuit TON THÁT THIẾT Chu-Ky III TAÏRA Sublimation</p>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA